

25 de novembro

**DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN
DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**

Unidade didáctica para traballar as violencias machistas nas aulas de Primaria

25N É...
todos os días

PRIMARIA



Confederación Intersindical Galega



Secretaría das mulleres

Introdución

A **violencia de xénero** segundo a Lei galega 11/2007 é «*calquera acto violento ou agresión, baseada nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada*». **A violencia de xénero, por tanto, non é un problema privado. É unha expresión extrema da desigualdade existente na nosa sociedade.**

Nas últimas décadas o movemento feminista logrou que se fixera explícito o rexeitamento á violencia contra as mulleres. No entanto, hai que ter en conta que a violencia de xénero vai máis alá

da violencia física directa e inclúe aspectos psicolóxicos, sexuais, simbólicos e estruturais. Tamén afecta a calquera persoa, muller biolóxica ou non, que non siga os mandatos de xénero e está en intersección con outras opresións.

A causa principal da violencia de xénero é a desigualdade e a fórmula a través da que se mantén é a indiferenza e a inacción social e institucional. Neste contexto a escola non é un espazo neutro, e este tipo de violencias exerce de distintas formas sobre quen cuestiona a orde patriarcal. É importante actuar tendo presente a diversidade e non esperar a que se dea unha situación controvertida na clase para comezar a traballar sobre estes temas.

O art. 151.e da Lei orgánica 2/2006, de 3 maio, de Educación recolle como unha función máis do ámbito educativo «fomentar a


igualdade real entre homes e mulleres». É necesario e urxente que nas aulas se leven a cabo accións específicas para desbotar prexuízos e outro tipo de prácticas que se basean na desigualdade ou nos papeis estereotipados de xénero que sosteñen a violencia.

Desde a consciencia da necesidade de introducir estas cuestións no currículo académico e na formación do profesorado, ofrecemos este traballo como un apoio para quen, co seu voluntarismo, introduce xa a igualdade nas súas aulas.

Esta **Unidade Didáctica** ofrece estratexias que poidan facilitar ese labor. Queremos participar para facer das aulas espazos sen violencia, igualitarios, diversos e inclusivos onde se xere un coñecemento transformador.

Obxectivos xerais

- Reflexionar sobre os estereotipos e as prácticas que provocan a desigualdade.
- Previr a violencia sensibilizando en igualdade.
- Capacitar para detectar e identificar o maltrato.
- Fomentar dinámicas que favorezan o desenvolvemento equitativo de nenas e nenos .
- Concienciar ás crianzas das súas posibilidades, como suxeitos activos, de previr e erradicar a violencia.
- Promover as escolas como espazos de bo trato.



Metodoloxía

A metodoloxía de desenvolvemento desta proposta é dinámica e participativa, a través de actividades que fomenten a construción colaborativa de coñecemento e poñan en valor as voces e experiencias diversas do alumnado.

Todos os contidos e dinámicas tratan de desenvolver a perspectiva feminista para o que trataremos de:

- non naturalizar estereotipos
- rexeitar a violencia de xénero e a homolebóbifóbica
- empregar linguaxe inclusiva
- non reproducir relacións de poder
- visibilizar as achegas das mulleres e doutros colectivos minorizados

A través destas formas de facer fomentamos a toma de conciencia individual e colectiva, facilitando ferramentas para desenvolver a capacidade crítica das nenas e nenos.



Para empezar...

Un dos primeiros puntos a ter en conta é tratar este tema de forma transversal na aula, mesmo cando se realizan tamén actividades específicas como as que se describen nesta Unidade. A forma de abordar unha materia ou a selección de contidos pode contribuír, sen nós pretendelo, a reproducir a desigualdade na que se basea a violencia. Alén de que traballar unhas actividades desde unha perspectiva igualitaria e non outras pode enviar unha mensaxe contraditoria ao alumnado e facer que non o consideren como algo que forme parte do seu día a día, senón algo excepcional.

A nosa proposta é traballar este tema desde a infancia para que crezan sabendo que todas as persoas debemos ter as mesmas oportunidades, sen que medien

relacións de poder nin privilexios. A través destas actividades e contidos queremos axudar a crear as oportunidades para que as criaturas poidan pensar e reflexionar por si mesmas, valorando e integrando os coñecementos que adquiren dunha forma máis vivencial, con sensibilidade social e con implicación e responsabilidade. Consideramos que fomentar a autonomía sitúa a nenas e nenos nun lugar onde teñen capacidade de acción e de reacción

Neste grupo de idade non abordamos directamente a violencia mais si presentamos actividades e contidos que lles proporcionen claves para entender e rexeitar a desigualdade que a causa. O xénero describe un sistema de relacións sociais que representa unha xerarquización

dunha identidade social sobre outra(s). É un tema que ten unha forte carga vivencial polo que tratamos de achegarnos con sensibilidade e como un proceso que ten que contar co lugar no que está o alumnado. Por tanto, sería interesante, antes de deseñar as estratexias que se van empregar, coñecer de onde se parte e cales son os aspectos nos que hai que incidir. Todas as persoas temos experiencias que contan e pode ser unha oportunidade incorporalas para horizontalizar o coñecemento e practicar a igualdade.

Para comezar a desenvolver o tema e valorar as necesidades do grupo propomos unha actividade que se pode empregar en diferentes momentos e como un recurso flexible e dinámico. Xoguemos!

Gincana da igualdade

Materiais: letras, fichas de probas.

Desenvolvemento: Por grupos, faremos entre toda a clase as letras que compoñen a palabra **IGUALDADE** -tamén se pode ampliar e utilizar «igualdade de oportunidades» ou algunha alternativa na que se sumen letras para continuar o xogo. Unha vez feitos os caracteres, pasamos á segunda fase da actividade.

Na nosa sociedade, por moitas circunstancias, a igualdade non vén dada, hai que conseguila e hai moitas cousas que podemos facer para achegarnos a ela. O xogo consiste en superar diferentes probas, de forma que haxa distintas posibilidades de ir acadando puntos. Previamente deseñaremos unhas **cartas** nas que figuren as distintas opcións (ex.):

Mímica

Pregunta

Reto

Debuxo

E a continuación as probas de cada categoría: «**mímica**» ou «**debuxo**» poden consistir en representar un concepto ou unha imaxe sen estereotipos; no «**reto**» podemos facer un xogo de memoria, utilizar unha frase sobre igualdade no «**teléfono roto**» ou no xogo do «**aforcado**»; e para a de «**pregunta**» podemos elaborar unha lista de cuestións relacionadas coa igualdade de oportunidades.

Alternativa: Se se prefire dar visibilidade ao tema da **VIOLENCIA DE XÉNERO** podemos elaborar as letras destas tres palabras. Porémolas na clase para tratar o tema. As diferentes probas e actividades serán a chave para, neste caso, ir quitando letras do espazo de forma que, entre todas, fagamos desaparecer a violencia da aula.

Chaves:

-Non presentar o xogo como unha competición senón como unha aprendizaxe colectiva.

- Introducir a idea de que a desigualdade é unha realidade mais que, a través dos nosos actos, da nosa actitude e da nosa forma de estar no mundo podemos mudar isto e podemos traballar en prol da igualdade.

Contidos

Bloque 1: Sensibilizar en igualdade

• Introducción

Cando nacemos, en función dunhas características físicas (sexo) a sociedade elabora -en cada momento histórico e en cada lugar concreto- unhas expectativas (estereotipos) sobre como deben ser as mulleres e como os homes (xénero). Esta división non ten o mesmo valor. As características asociadas á masculinidade van ter un maior prestixio social que as asignadas á feminidade. Así, sobre un único aspecto biolóxico, naturalízase unha orde desigual e xerárquica que produce violencias sobre a vida das persoas.

A **socialización diferencial** é un dos piores a través dos que se reproducen roles e estereotipos de xénero. Nenas e nenos aprenden o modelo normativo de feminidade e masculinidade do seu contexto social. Mais, na realidade, hai formas moi distintas de ser home e de ser muller, mesmo de transitar entre ambas ou de non querer estar en ningunha das dúas categorías. Por iso, é importante ofrecerlles outros modelos baseados en **relacións igualitarias** e na **valoración da diversidade**.

• Obxectivos específicos

- Desbotar os estereotipos.
- Distinguir entre ser diferentes e ser desiguais.
- Recoñecer e valorar a diversidade.
- Experimentar fórmulas para relacionarse en igualdade.

• Actividades

1. A especie humana


Materiais: Papel para elaborar o mural, revistas e pinturas.

Desenvolvemento: Todos os homes ou as mulleres que coñecemos son idénticas? A nosa especie está formada por individuos moi diferentes, con valores e capacidades diversas. A clase elaborará -en grande grupo ou en grupos pequenos que despois se unirán- un **mural sobre a especie humana**. A técnica de elaboración é libre (debuxo, collage...). Deberán deixar espazo suficiente para seguir traballando no proxecto.

Unha vez representada a especie imos pensar nas cousas positivas que teñamos feito ou que poidamos facer: poden ser grandes proezas, pequenos xestos, habilidades que nos gusten ou que nos pareza importante resaltar. Na parte libre do mural apuntaranse todas as cousas que pode facer a especie humana. Comentar os resultados.

Para rematar, ou noutra sesión, cada criatura fará un autorretrato seu e escollerá calidades positivas que crea ter para engadir no seu traballo.

Chaves: Reflexionar sobre como todas e todos podemos ter características compartidas e positivas, sen importar o noso sexo. Hai moitas formas de sermos e temos aptitudes e habilidades individuais que non deberían estar condicionadas polos estereotipos de xénero da nosa sociedade.



2. Sipi-Nopi

Materiais: Non se precisan.

Desenvolvemento: Cada rapaz ou rapaza terá que pensar nunha característica súa, pode ser de calquera tipo (ter un irmán pequeno, ter dúas nais, coñecer a algunha persoa que sexa doutro país, ler contos polas noites, ter pencas no nariz, gustarlle moito bailar, ter un pantalón verde, falar máis dun idioma, calzar o número X de pé ou saber un trabalinguas). Todas as criaturas teñen que participar dicindo unha característica dalgún tipo, todas diferentes.

Apuntarémolas todas no encerrado. Cando a listaxe estea completa repasarase, convidando a que quen comparta esa mesma característica o diga. Anotaremos aquelas nas que hai coincidencias e nas que non.

Chaves: Hai cousas que compartimos e cousas que, nalgúns grupos, nos fan ser singulares. É importante valorar o que temos en común e tamén a diversidade que hai entre nós. Todas esas cousas que achegamos ao conxunto da clase enriquecen o grupo porque suman posibilidades.

3. Unha mensaxe extraterrestre

Materiais: Mensaxe, código e gafas violetas (pódense utilizar unhas gafas feitas de cartón ou goma eva ou empregar unhas imaxinarias).

Desenvolvemento: Atopouse cerca da escola un artefacto que contén unha mensaxe en clave. Sabemos que vén do espazo exterior e que se trata de algo que desde outro planeta queren transmitirnos. Algo moi importante.

Hai un código para descifralo mais só quen, coma nós, ten unhas gafas violetas, poderá entendelo. As gafas violetas son máxicas e permítennos ver e tratar igual a todas as persoas. Unha vez chegan a nós, como pasou despois de facer as actividades anteriores e ver cantas cousas sabíamos sobre a igualdade, fanse invisibles e vannos axudar sempre. Para facelo máis rápido –debido á súa transcendencia– imos traballar colaborativamente. Dividimos a clase en varios grupos que traballarán con diferentes partes do texto para conseguir coñecer a mensaxe.

Chaves: Cando incorporamos a igualdade como un valor nas nosas vidas e na nosa forma de actuar, ábrenos a posibilidade de ver as cousas desde unha nova perspectiva. Muda a nosa mirada e a nosa forma de entender o mundo.

Os cambios sociais necesitan levar a cabo unha fonda transformación para a que necesitamos todas as mans, axudármonos e traballar en equipo sumando formas de facer, erros e tamén acertos.

A	b	c	d	e	f	g	h	i	l
☺	◆	♪	↔	*	▲	•	♂	♥	‡

M	n	ñ	o	p	q	r	s	t	u
♀	→→	!!	L	▶	†	○	⚙	♣	#

v	x	z
■	§	Ω

Bloque 2: Formar contra a violencia de xénero

• Introducción

Nas sociedades desiguais, unha das mostras extremas desta situación son as violencias que se exercen sobre as persoas que están nunha posición de desvantaxe. Así, as persoas a quen o sistema coloca nun lugar de poder, continúan cos seus privilexios mantendo as outras subordinadas. O desequilibrio entre mulleres e homes e o valor diferente que culturalmente se lles dá ás características de unhas e de outros, sitúan ás mulleres, e a quen non se axuste ao modelo de home que socialmente se establece, nunha situación máis susceptible de recibir violencia.

Estas agresións poden ser de moitos tipos e están presentes en todos os niveis da vida. Aínda que socialmente hai unha maior sensibilidade cara aquelas que son máis visibles e fáciles de detectar -por exemplo a violencia física ou a sexual- hai outras condutas e feitos que atentan contra a integridade e a dignidade e, a miúdo, resultan imperceptibles (violencia estrutural, simbólica e psicolóxica). Recoñecer o bo trato e o mal trato son fundamentais para poder denunciar as situacións que nos agreden e buscar fórmulas para desbotalas das nosas vidas.

Violencia visible
Comportamentos
Directa



Violencia invisible
Actitudes
Indirecta

• Obxectivos específicos

- Identificar o bo e o mal trato.
- Adquirir estratexias para enfrontarse ás situacións de mal trato.
- Potenciar a construción da autonomía.
- Crear un clima de rexeitamento da violencia.

• Actividades

1. Memes míticos

Materiais: imaxes impresas, revistas, pinturas.

Desenvolvemento: Imos traballar sobre os **mitos**. Ao longo da historia a humanidade empregou mitos para tratar de explicar aquilo que resulta complicado de entender. Na actualidade utilizámoslos para simplificar a realidade e ocultar as verdadeiras causas de cuestións que nos seguen a resultar complexas.

Imos elaborar unha lista de mitos -falsas crenzas- e comentalos, un por un, en grande grupo.

As nenas son unhas choronas.

Os homes non choran.

Os homes son máis fortes.

As nenas fortes son unhas mari-machos.

A todos os homes lles gustan as mulleres.

A todas as mulleres lles gustan os homes.

As nenas son máis obedientes.

Os nenos son máis agresivos.

As nenas non se levan ben entre elas.

Os nenos non teñen habilidades para coidar.

Coas ideas expostas e coas conclusións do grupo imos elaborar **memes** que nos recorden esas ideas e preconceptos e o que esconden detrás, a desigualdade que xustifica a violencia e o mal trato. Esta parte da actividade pode ser en parellas ou en pequenos grupos.

Os memes son unha forma de describir unha idea ou unha situación e poder transmitila despois. Hai páxinas web desde as que se poden facer dixitalmente para logo compartir ou tamén os podemos elaborar de forma analóxica e despois, se queremos, dixitalizalos.

Chaves: É importante desbotar estes preconceptos e aclarar calquera dúbida que poida saír. Explicar na clase como moitos destes mitos se complementan creando figuras opostas entre mulleres e homes, xeneralizando e sen atender ás nosas características individuais. Estas ideas simples contribúen a crear un imaxinario no que os homes son activos e violentos e as mulleres pasivas e submisas.

Traballar través do humor axúdanos a ridiculizar esas ideas simples que tratan de limitar o que cada unha e cada un de nós somos.

2. Tratar mal e tratar ben

Materiais: folios, encerado.

Desenvolvemento: Imos buscar exemplos reais de bo trato e mal trato cara criaturas, persoas adultas, maiores, animais ou obxectos. Temos que pensar nunha desas situacións. Cada criatura dirá en alto a súa escolla e o resto acordará se é unha acción de bo ou de mal trato. Para axudármolos podemos pensar en como nos sentiríamos se iso nos tivera pasado a nós. Como nos sentimos cando nos tratan ben? E cando nos tratan mal? Que pensamos? Como nos damos conta?

Despois de recoller todos os exemplos imos consensuar unha definición do que é tratar ben e o que é tratar mal. Podemos facela como nos pareza máis clara, explicando que é ou dicindo que cousas, que poden suceder no día a día da clase, son de bo ou de mal trato.

Este acordo pode figurar nun lugar visible da clase para que todas e todos o lembremos e que este espazo se converta nun lugar no que tratarnos ben é importante.

Chaves: Que tipo de relacións aprendemos e comezamos a interiorizar durante a experiencia escolar? É importante ter claro cando nos están tratando ben ou mal, xa que isto fai que esteamos nunha posición máis forte para enfrontarnos ás condutas ou situacións que nos violentan. Asentar esta idea serve para lexitimar o dereito a contalo e a pedir a outras persoas adultas que lles axuden a resolvelo.

3. Apócema extraordinaria

Materiais: Non son necesarios

Desenvolvemento: Imos facer unha viaxe coa imaxinación. Pechade os ollos. Estamos fóra da escola. No ceo hai un gran nubeiro. Camiñamos durante un bo anaco por un pobo que non coñecemos. Non hai ninguén máis. De repente chama a nosa atención unha casa e, xa que parece que está a piques de comezar a chover, decidimos entrar. Subimos as escaleiras e empurramos a porta. Entramos. Hai unha habitación e sobre unha mesa unha xerra de auga e un vaso. Temos moita sede. Decidimos beber. De súpeto, en canto a auga baixa pola nosa gorxa, algo comeza a suceder no noso corpo. Encollémonos! Cada vez máis e máis... ata diminuír ao tamaño dunha mosca! Que é o que nos está a pasar?!

Alguén entra no cuarto. Un ser humano que para nós agora é xigantesco!. Diríxese cara nós. A confusión fai que non nos podamos mover... Séntase á mesa, bebe un grolo do vaso e, cando nos ve, levanta a man cun xesto de querer esmagarnos... A súa man baixa rápida e con forza (facer unha pausa).

Mais.... algo extraordinario sucede. Agora o noso corpo comeza a crecer de forma incontrolada mentres o da persoa sentada na cadeira se encolle. Crecen as pernas, os brazos, estíranse as dedas e os dedos, aumenta o tamaño da nosa cabeza (ollos, nariz, boca, fazulas, orelas, cabelo). Somos xigantes! E, ao noso lado, sobre a mesa, hai unha pequena e insignificante mosca (facer unha pausa antes de continuar).

Remata a viaxe. Acompañar ás crianzas no proceso de abrir os ollos e volver a situarse na aula. Darlles un par de minutos.

Compartir na clase:


Como se sentiron? Que lles gustou máis? Que lles resultou máis complicado? Foron quen de estar nas dúas posicións, como mosca e como persoa?

Que sentían ao ser a mosca? Algunha vez sentiron, nas súas vidas, sensacións semellantes?

Como se sentiron cando empezaron a medrar? Notaron algún cambio na súa actitude?

Que podían ter feito cando eran moscas? E que cando recuperaron o tamaño do seu corpo?

Chave: Reflexionar sobre a diferente visión segundo esteamos nunha situación de poder ou de vulnerabilidade. Explicar a importancia de practicar a **empatía**. Traballar sobre como resolver a ira e a violencia que nos producen unha situación que nos incomodou.



Bloque 3: Construír espazos de bo trato

• **Introdución**

Formamos parte dunha sociedade na que convivimos coa desigualdade como se fose unha situación normal. A día de hoxe predomina unha lectura interesada da sociedade que serve para sostener un sistema desigual e xerárquico. Existe a crenza xeneralizada de que esta situación é a normalidade, cunha marxe, nalgúns recunchos, nos que se producen situacións de desigualdade. Este estado de cousas é considerado neutro, unha orde social lexitimada e naturalizada nun imaxinario cultural patriarcal. Isto provoca falta de implicación e responsabilidade e negación do machismo o que nos deixa sen ferramentas para enfrontar as desigualdades. Calquera de nós reproducimos xestos, actitudes e discursos sexistas que manteñen ese sistema inxusto no que se producen desequilibrios de poder. Todas estas prácticas están tan interiorizadas e son tan habituais que nos resultan difíciles de detectar. No entanto, estes comportamentos, como xa vimos, teñen un impacto sobre as nosas vidas, no noso entorno e no das persoas coas que nos relacionamos. Construír espazos de bo trato é unha necesidade urxente para crear alternativas a un sistema que nos oprime e nos violenta.

• **Obxectivos específicos**

- Darlle importancia aos sentimentos e ás emocións
- Desenvolver habilidade sociais
- Traballar a comunicación e a escoita activa
- Pór en valor o bo trato

• **Actividades**

1. 1. Caderno de viaxe

Materiais: folios, cores

Desenvolvemento: Que facemos para coidarnos? E para coidar ás outras persoas? Como sentimos o bo trato? Que cousas nos fan sentir mal? Como nos sentimos cando tratamos mal a alguén? Por que o facemos? Que posibilidades coñecemos de transformar isto?

Traballaremos na clase para elaborar un historial de bo e mal trato propio e individual. Utilizaremos un folio para elaborar o caderno, ao que poderemos ir sumando outros. As anotacións non teñen porque ser referencias escritas. Poden usar debuxos, colaxes ou calquera outra fórmula que lles resulte acaída: unha cor, unha canción.

Chaves: Amosar que se trata dun tema importante facilitando un tempo para reflexionar e cumprimentar o caderno (pódese pór música para crear un ambiente máis relaxado).

Do mesmo xeito que os ollos recoñecen o que o cerebro coñece, nós reparamos naquelas cousas que temos presentes. Establecer dinámicas nas que o bo trato teña valor fai que as incorporemos no día a día como algo ordinario, non excepcional.



2. 2. Escóitame

Materiais: non son necesarios.

Desenvolvemento: Sitúanse cara a cara, por parellas. Pódese traballar así ou como un xogo de adiviñar en grupo. Estableceremos quendas para que, sen ruído, digan frases que a compañeira ou compañeiro tratará de adiviñar. As frases deben ter varias palabras e poden facer referencia a como se senten, cal é o seu estado de ánimo ou algo importante que lles teña sucedido recentemente. É importante atender aos beizos mais tamén ás expresións faciais da outra persoa.

Reflexionar en grande grupo:

Que lles resultou máis doado: falar ou escoitar? Que cousas lles axudaron a adiviñar o que lles querían dicir? Prestamos sempre a mesma atención ao que nos din as outras persoas? Atendemos a como son as súas expresión e o que nos transmiten?

Chaves: Comunicarse e escoitar activamente son accións que requiren de tempo, atención e habilidades específicas que debemos adestrar. Sentir que nos escoitan e, por tanto, que nos teñen en consideración e facer o exercicio inverso cara as outras persoas é unha práctica de bo trato que rompe coas xerarquías e coas dinámicas de poder.

3. Fagamos un trato

Materiais: Cartón, plastilina, teas, papeis, recortes de revistas ou de xornais, goma Eva, pinturas e calquera material para traballar de forma plástica

Traballando en pequenos grupos imos recrear historias de bo trato. Podemos utilizar como recurso algunha obra artística (Maruja Mallo, Julia Minguiñón, Ángela de la Cruz, María Antonia Dans, Menchu Lamas, Tatiana Medal etc.) para que imaxinen un conflito que se resolve a través do bo trato. Traballando sobre a imaxe pensarán en que sucedeu antes e que sucedeu despois da escena para despois narrala.

Faremos un **guión**, imaxinando toda a situación. O traballo consiste en elaborar unha pequena **historieta** na que detallen tanto o conflito como a resolución. Poden engadir texto e tamén diferentes escenarios para que sexa unha historia máis elaborada.

Se hai posibilidades de fotografar o traballo pode ser interesante facer **videocómics** –só é necesario fotografar cada paso, con pequenas variacións, para darlle dinamismo e despois montalo con algún programa de xestión de imaxes animadas-. Cando teñan a secuencia presentaranlle os resultados ao resto da clase

e comentarán en grande grupo todo o proceso.

Chaves: Crear e describir conflitos con resolucións positivas axúdanos a integrar estas prácticas e asumilas como propias. Cantas máis ferramentas teñamos de bo trato mais nos situaremos contra as relacións desiguais. Adquirir e practicar estas chaves sitúa as criaturas nunha posición activa e de transformación social.

Referencias legais

Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes

Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

Punto e seguido

Cada docente pode experimentar e decantarse por aquelas actividades e estratexias que considere máis efectivas das que aquí se recollen. Experimentar con elas, amplialas, revisalas ou modificalas para que se axusten ás necesidades do alumnado. Pode empregar directamente esta unidade didáctica ou como unha inspiración para elaborar novas accións. Cada grupo vai

partir dunha situación diferente polo que pode optar por traballar nalgún dos bloques por separado ou en todos en conxunto. Este material non pretende ser un traballo pechado senón unha oportunidade para traballar este tema nas aulas cunha perspectiva feminista. Convidamos a todas as persoas que queiran desenvolver estas actividades a que, se queren compartir os resultados,

empreguen o cancelo **#25Néto-dosodías** para que se socialicen os resultados e se cree unha rede de retroalimentación e de coñecemento colectivo.

Agardamos que este material resulte útil para incidir na importancia de practicar e demandar o bo trato creando espazos seguros e sen violencia, nas relacións e nos propios lugares como a aula.

Glosario

Acoso escolar/ Bullying: condutas entre iguais (intimidación, illamento, ameaza e insultos) que violentan a unha persoa ou a varias que son apuntadas como vítimas.

Acoso escolar homofóbico: comportamentos violentos entre iguais, nunha relación de poder desigual, na que quen agrede se basea na homofobia, o sexismo e os valores asociados ao heterosexismo.

Estereotipos de xénero: conxunto de expectativas sociais que atribúen aptitudes, roles e actitudes diferenciadas a mulleres e homes.

Feminismo: teoría e práctica política radical –por que vai á raíz– que loita pola igualdade de todas as persoas. Supón a toma de conciencia colectiva das mu-

lheres como grupo oprimido polos homes no sistema patriarcal, e a súa mobilización para transformar a sociedade ata que a igualdade sexa un feito.

Machismo: condutas (actos físicos ou verbais) coas que se manifesta o sexismo. Poden ser conscientes ou inconscientes.

Sexismo: ideoloxía que sostén a desigualdade baseándose nas diferenzas biolóxicas coñecidas como sexo. É unha actitude consciente.

Sexo: características biolóxicas que se utilizan para clasificarnos en mulleres e homes.

Xénero: construción cultural que fai unha sociedade, nun momento concreto, a partir das diferenzas coñecidas como sexo.

Violencia simbólica: formas de violencia que se exercen, so-

bre todo, a través da comunicación polo que moitas veces son difíciles de detectar. Baséase na imposición por parte do grupo dominante dunha visión do mundo e dos roles que perpetúa a desigualdade.

Violencia de xénero: calquera acción ou omisión, baseada no seu xénero, que lles cause dano ou sufrimento psicolóxico, físico, patrimonial, económico, sexual ou a morte tanto no ámbito privado como no público (definición da mexicana *Ley general de acceso de las mujeres a una vida libre de violencia* de 2007).

É unha manifestación da discriminación, da situación de desigualdade e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres.

Recursos e autoría

En 2016 elaborouse unha proposta bibliográfica na que figura material para complementar o traballo con perspectiva de xénero na aula. Está recollido baixo o

título: [O 25 de novembro desde unha perspectiva didáctica](#) e dispoñible para consulta en formato dixital.

As imaxes empregadas nesta

U.D. pertencen a Laurel Burch e a Cristina Martínez e o contido foi elaborado por **Mar Cendón** baixo licenza Creative Commons



VIOLENCIA

NIN NA RÚA
NIN NO TRABALLO
NIN NA CASA

Secretaría Confederal das Mulleres da CIG

Alfonso Molina s/n, 8º andar - Edificio sindical
15008 A Coruña

Teléfonos:

981 169 293 (centraliña) 981 900 633 (directo)

Fax. 981 151 539

Correo:

muller@galizacig.gal



Secretaría das mulleres



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

25
de
novembro

DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN
DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Nin na rúa

nin no traballo

nin na casa

VIOLENCIA



Secretaría das mulleres